

TERCEIRO DE GRAO PROFESIONAL

PARTE I

PROBA DE PERCUSIÓN

O ALUMNO TERÁ QUE TOCAR AS TRES OBRAS.

OBRAS ORIENTATIVAS.

MARIMBA: SAMURAI ZIKOVICH

CAIXA: ESTUDO DELECLUSE

TIMBAL ESTUDO DE PETERS

As tres obras están no libro de 2º curso de grao profesional de percusión empregado no Conservatorio Profesional de A Coruña.

PARTE II

1.- PROBA DE LINGUAXE MUSICAL

Estas probas abranguerán os contidos comprendidos nos distintos apartados das programacións de todos os cursos de Linguaxe Musical.

CONTIDOS DA PROBA

- **Ditado rítmico – melódico:** a dúas voces, e ata cinco alteracións, dunha extensión entre 8 e 16 compases. Para a realización do dictado, daráselles aos examinandos o La do diapasón, a tónica da tonalidade a empregar, o La do diapasón, os acordes tonais, o La do diapasón, a primeira nota do ditado e finalmente a velocidade do pulso (nesta orde).
- **Repentización rítmica:** con emprego das sete claves.
- **Entoación:** Repentización dun exercicio en clave de Sol con acompañamento pianístico, que apoie pero que non dobre a melodía.

- **Teoría:** Comprenderá un exercicio escrito de 10 preguntas.

Os exercicios de Teoría e Ditado, realizaranse nunha única sesión e terán a duración máxima dunha hora e media.

Para os exercicios de repentización rítmica e melódica, os examinandos disporán de 10 minutos en total para preparar en clausura ámbolos dous exercicios.

2.- PROBA DE ORQUESTRA/BANDA

1.- Interpretar dous solos ou fragmentos dos listados que aparecen a continuación, ou de similar dificultade. Estas obras poderán escoitarse na súa totalidade ou parcialmente, segundo o criterio do profesorado.

Nesta proba, o alumnado presentará dúas copias para o tribunal.

2.- Ler a primeira vista un fragmento de 16 compases a proposta do tribunal, cun nivel máximo do curso anterior ó que opta o alumno.

Esta listaxe de obras é orientativa, polo que poderán presentarse obras de similar dificultade. Segun o curso ó que se desexe acceder, o alumnado presentará o repertorio dunha agrupación xuvenil ou sinfónica, elixindo entre Banda e Orquestra. É dicir, non ten que presentar o repertorio de dúas agrupacións, só de unha.

ACCESO DE 2º a 4º DO GRAO PROFESIONAL

BANDA (XUVENIL)

COMPOSITOR/A	OBRA E OBSERVACIÓNS
F. Pérez Seara	Banda galega
A. Waignein	Festival suite
J. Ninjs	Concerto dinamico
J. V. Pérez Planells	Fina Planells
J. Horner	The mask of zorro

ORQUESTRA (XUVENIL)

COMPOSITOR/A	OBRA E OBSERVACIÓNS
F. Schubert	Marcha militar
J. Strauss	Pizzicato polka

Sullivan	The pirates of penzance
R. Schumann	Celebre reverie
E. Elgar	Chanson de nuit
Gluck	Suite-ballet (óperas)
	12-Gavotte
Telemann	Musique de table
C. Brown	Rustic dances, nº 1 "Country dance";
	Nº 4 "Gypsy dance"
P. I. Tchaikowsky	The nutcracker
F. Delius	Two aquareles

3.- PROBA DE CONXUNTO

As probas de acceso ós distintos cursos do CONXUNTO DE PERCUSIÓN consistirán en:

1.- Interpretar dúas obras do listado anterior a solo, sen achegar compoñentes.

Estas obras poderán escoitarse na súa totalidade ou parcialmente, segundo o criterio do profesorado. Nesta proba, o alumnado presentará dúas copias para o tribunal.

2. - Ler a primeira vista a solo un fragmento de 16 compases a proposta do tribunal, cun nivel máximo do curso anterior.

Esta listaxe de obras é orientativa, polo que poderán presentarse obras de similar dificultade.

COMPOSITOR/A	OBRA E OBSERVACIÓNS
A. Gómez	Rain dance
M. G. Cortizo	Daybreak in the river
N. Rosauo	Concerto para marimba. Movimentos I, II, IV
Popular mexicana	Danzón